

Oposicións 2013

Prazas convocadas:

Corpo: Mestres

Código/especialidade		Reserva discapacitados	Libre	Total
031	Educación infantil	4	46	50
032	Lingua estranxeira: inglés	4	46	50
036	Pedagoxía Terapéutica	3	47	50
037	Audición e Linguaxe	3	47	50
Total		14	186	200

Corpo: Inspectores de educación

Reserva de discapacitados	Libre	Total
2	20	22

Data de sorteo dos tribunais: O 13 de maio de 2013.

Día de inicio da matrícula: O prazo de prestación de solicitudes será de 20 naturais contados a partir do seguinte ao de publicación da convocatoria no DOG.

A CIG propuxo que no se publique antes do 3 de abril, e a nosa proposta foi tida en conta, polo tanto non se publicará a convocatoria até despois de semana santa.

A Consellaría non dixo que día se publicará no DOG.

Nesta convocatoria as prazas serán repartidas por tribunal.

Nº de opositores por tribunal: A CIG Ensino propón que non superen os 100 e administración di que tomarán a decisión no seu momento.

PARA MÁIS INFORMACIÓN: www.cig-ensino.com



Confederación Intersindical Galega

ENSINO

www.cig-ensino.com

Lugares de realización das probas para o corpo de mestres: As probas selectivas que se convocan terán lugar en A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, sen prexuízo de que non se realicen probas dalgunha especialidade nalgunha das localidades citadas, en función do número de solicitantes. Na resolución pola cal se nomeen os tribunais sinalarase a localidade ou localidades en que se deberán realizar as probas.

Incio das probas: O procedemento selectivo dará comezo a partir do 21 de xuño de 2013.

Obrigatoriedade de participación: O persoal interino ou substituto que presta servizos nas especialidades de Educación Infantil, Lingua Extranxeira: Inglés, Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe. De non participar no procedemento selectivo decaerá dos seus dereitos unicamente na lista da especialidade convocada.

Fase de oposición:

PROBA de coñecemento da lingua galega.

Excepto para os que acrediten o coñecemento da lingua galega (CELGA 4, Perfeccionamento, ... e as súas validacións).

Presentación.

PRIMEIRA PROBA: Proba de coñecementos específicos da especialidade docente.

Consta de dúas partes que se valorarán conxuntamente e que se realizarán no mesmo día

Parte A: Proba práctica. Tempo establecido polos tribunais. Realización dunha serie de exercicios por escrito que se axustará, para cada especialidade, ao disposto no anexo VI da orde.

Parte B: Desenvolvemento de 1 tema elixido polo aspirantes de entre 2 temas extraídos ao chou. Tempo de duración: 2 horas.

No suposto de que a primeira parte da proba se realice por escrito procederase a súa lectura conxunta coa segunda e a cualificación de cada parte realizarase por separado.

PARA MÁIS INFORMACIÓN: www.cig-ensino.com



Confederación Intersindical Galega

ENSINO

www.cig-ensino.com

A primeira parte e a segunda parte da proba cualificaranse de 0 a 10 puntos, ponderándose do seguinte xeito:

Parte A: A cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0,7 a cualificación obtida.

Parte B: A cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0.3 a cualificación obtida.

Cualificación da 1º PROBA: O persoal aspirante deberá obter unha puntuación de polo menos o 25 por 100 do valor de cada unha das partes da proba e unha puntuación total, resultado de sumar as puntuacións ponderadas correspondentes ás dúas partes, igual ou superior a 5 puntos. Ten carácter eliminatorio.

SEGUNDA PROBA: Proba de aptitude pedagóxica (Especialidade de Infantil e Inglés).

Parte A: Presentación e defensa dunha programación didáctica.

A programación deberá entregarse ao tribunal polo persoal aspirante que supere a primeira proba no centro no que están actuando, no prazo que estableza o tribunal ao publicar as cualificacións da primeira proba.

A programación didáctica fará referencia ao currículo dunha materia ou módulo relacionado coa especialidade por que se participa, na cal deberán especificarse os obxectivos, contidos, criterios de avaliación e metodoloxía, así como a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Esta programación corresponderase cun curso escolar da etapa educativa en que o profesorado da especialidade teña atribuída competencia docente para impartilo, elixido pola persoa candidata, e deberá organizarse en unidades didácticas de tal maneira que cada unha delas se poida desenvolver completamente no tempo asignado para a súa exposición; en calquera caso, unha programación para un curso escolar deberá conter, como mínimo, 15 unidades didácticas que deberán estar enumeradas, e terá, sen incluír anexos, unha extensión máxima de 60 folios, formato DIN-A4, escritos a unha soa cara e dobre espazo interlineal, con letra tipo arial, sen comprimir, tamaño de 12 puntos.

Na extensión máxima de 60 folios non se computará a portada nin a contraportada. Si se computará o índice.

Resultarán excluídos do procedemento selectivo aqueles aspirantes cuxa programación non se axuste ao establecido nos parágrafos anteriores. En ningún caso poderá excluírse as persoas aspirantes por deficiencias no contido da programación.

As programacións versarán sobre os currículos publicados no Diario Oficial de Galicia no momento da publicación desta orde ou, de ser o caso, os aplicables na comunidade autónoma.

PARA MÁIS INFORMACIÓN: www.cig-ensino.com



Confederación Intersindical Galega

ENSINO

www.cig-ensino.com

Parte B: Preparación e exposición oral dunha unidade didáctica ante o tribunal.

Poderá estar relacionada coa programación presentada polo aspirante ou elaborada a partir do temario oficial da especialidade. Nos dous casos elixirase unha de tres escollidas ao chou.

Na elaboración da citada unidade didáctica deberán concretarse os obxectivos de aprendizaxe que perseguen con ela, os seus contidos, as actividades de ensinanza e aprendizaxe que se van a formular na aula e os seus procedementos de avaliación.

O persoal aspirante disporá dunha hora para a preparación da unidade didáctica, e poderá utilizar o material que considere oportuno, sen posibilidade de conexión co exterior, polo que o material que vaia a utilizar non poderá ser susceptible de dita conexión (ordenadores portátiles, teléfonos móbiles, etc.).

O persoal aspirante disporá de 1 hora para a defensa da programación (20 minutos como máximo), exposición da unidade didáctica (30 minutos como máximo) e debate ante o tribunal (10 minutos).

Para a exposición, o persoal aspirante poderá utilizar o material auxiliar que considere oportuno e que deberá aportar el mesmo, sempre que sexa aprobado polo tribunal, así como un guión que non excederá dun folio e que se entregará ao tribunal ao final da mesma.

SEGUNDA PROBA: Proba de aptitude pedagóxica (Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica).

Parte A: Presentación dun plan de apoio para o alumnado con necesidades educativas específicas. Deberá basearse na normativa vixente e nas necesidades do alumnado, do centro e do contexto, e contemplará obxectivos, contidos, actividades, estratexias metodolóxicas, recursos materiais, humanos e organizativos, temporalización das accións, avaliación e propostas. Neste plan deberá prestarse especial relevancia á actuación do persoal aspirante como profesor de apoio.

O plan de apoio para o alumnado con necesidades educativas específicas deberá entregarse ao tribunal por aqueles que superen a primeira proba, no centro no que están actuando e no prazo que estableza o tribunal ao publicar as cualificacións daqueles que superaron a citada proba.

PARA MÁIS INFORMACIÓN: www.cig-ensino.com



Confederación Intersindical Galega

ENSINO

www.cig-ensino.com

Parte B: Elaboración e exposición oral dun programa de intervención relacionado co plan de apoio para o alumnado con necesidades educativas específicas presentado polo persoal aspirante, ou elaborado a partir do temario oficial da especialidade.

No primeiro caso, o persoal aspirante elixirá ao chou un programa de intervención con alumnado con necesidade educativas específicas (alumnado estranxeiro, con sobredotación intelectual ou con necesidades educativas especiais). No segundo caso, o aspirante elixirá o contido do programa de intervención dun tema de entre tres elixidos ao chou por el mesmo, do temario oficial da especialidade.

O persoal aspirante disporá dunha hora para a preparación do programa de intervención e poderá utilizar o material que estime oportuno.

Para a exposición, o persoal aspirante poderá utilizar un guión que non excederá dun folio e que entregará ao tribunal unha vez rematada a súa exposición.

O persoal aspirante disporá dun período máximo dunha hora para a defensa do plan de apoio para o alumnado con necesidades educativas específicas (máximo 20 minutos), a exposición do programa de intervención (30 minutos) e posterior debate diante do tribunal (10 minutos).

Cualificación da 2ª PROBA: Valorarase globalmente de cero a dez puntos, debendo alcanzar o persoal aspirante, para a súa superación, unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

Cualificación da fase de oposición: Será a media aritmética das puntuacións obtidas nas dúas probas que integran a mesma cando ambas fosen superadas.

Acceso á fase de concurso: A cualificación final da fase de oposición expresarase en números de cero a dez, sendo necesario obter, polo menos, cinco puntos para poder acceder á fase de concurso.

Fase de concurso.

Baremo para a valoración de méritos: sistema xeral de acceso.

PARA MÁIS INFORMACIÓN: www.cig-ensino.com



Confederación Intersindical Galega

ENSINO

www.cig-ensino.com

Temarios.

Nestes procedementos selectivos rexerán os seguintes temarios:

- Corpo de inspectores de educación: Orde EDU/3429/2009, do 11 de decembro, pola que se aproba o temario da fase de oposición do procedemento selectivo de acceso ao corpo de inspectores de educación (BOE número 306 do 21 de decembro).

-Corpo de mestres: Orde do 9 de setembro de 1993, do Ministerio de Educación (BOE do 21 de setembro), no que se refire á parte A, e quedará sen vixencia para a súa aplicación a este procedemento selectivo o disposto en canto á parte B.

Propostas de CIG-Ensino.

A CIG-Ensino considera raquítica esta oferta tendo en conta o total das xubilacións que se produciron no 2011, 2012 e 2013.

- Defendemos outro modelo de acceso que considere os servizos prestados e de dobre vía: Este modelo non é, na práctica, un concurso-oposición. Aínda que o sistema de ingreso é de concurso-oposición tendo en conta a experiencia doutras convocatorias cun sistema semellante, todo indica que a parte do concurso seguramente non será determinante.
 - o Non podemos subtraernos á situación do colectivo de interinos e substitutos.
 - o É preciso considerar o traballo, a experiencia e os servizos prestados do profesorado interino.
 - o Ter en conta a formación.

Propostas xerais:

- Realización, como mínimo, unha das probas en lingua galega. A administración di que non, *que xa potencian o necesario o noso idioma.*
- Aceptan incluír, a petición da CIG Ensino, a **formación** como mérito, dentro do apartado outros méritos, con 0,01 por cada 10 horas.

PARA MÁIS INFORMACIÓN: www.cig-ensino.com



Confederación Intersindical Galega

ENSINO

www.cig-ensino.com

- Mellorar as actuacións dos tribunais:
 - o Informe dos criterios de cualificación e avaliación dun xeito pormenorizado. Que xa o publican na páxina web das oposicións.
 - o Que se clarifique que material práctico se poderá utilizar. Que o estudarán.
 - o Recepcionar todas as reclamacións resolvendo e contestándoas. Darán instrucións aos tribunais exclusivamente para que as recollan.
 - o Todos/as os/as membros deben ser a sorteo, tamén o presidente. Non o aceptaron.
 - o Os tribunais estarán compostos só por especialistas do corpo de mestres.
- A administración acepta que de existir empate nos restos dos cocientes a adxudicación de prazas por tribunal realizárase por sorteo.
- Chamamento de 48 horas e non 24. A administración non contestou.

Probas:

- 1º Proba: A ponderación da Parte A e B debe ter a mesmo valor (0.5). A administración di que non vai cambiar a súa ponderación, que ten potestade para facelo, e pensa que a parte práctica debe ter maior peso.
- Parte A: O tempo establecido para a realización desta proba será establecido polos tribunais. Reclamamos, por tanto, que debe ser por un mínimo e un máximo de entre 2 e 3 horas.
 - o A CIG Ensino insiste en que se varíe a ponderación e se fixe o tempo para que as opositoras e opositores saiban a que aterse.
- 2º Proba. Parte A: erro de redacción: suprimir módulo (programación didáctica).

www.cig-ensino.com

PARA MÁIS INFORMACIÓN: www.cig-ensino.com




Confederación Intersindical Galega

ENSINO

www.cig-ensino.com

Fase de prácticas

- Cambio de comisións cualificadoras: Constitución, en lugar de 2 inspectores e 2 directores, 4 profesores/as a sorteo.
 - Profesor/titor: ten que ser da especialidade.
 - Actividade de formación: Debe recoller aspectos e actitudes favorábeis, como o uso e potenciación do noso idioma e coñecemento da situación sociolingüística.
- Supresión do último parágrafo do artigo 18.6 (avaliación na aula a instancias da comisión cualificadora). *A administración di que está incluído para o caso de informes negativos, para ter unha segunda opinión.*



Confederación Intersindical Galega

ENSINO

www.cig-ensino.com

PARA MÁIS INFORMACIÓN: www.cig-ensino.com